

Declaración institucional sobre o uso de animais de experimentación

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) tense adherido ao "[Acuerdo de Transparencia en Experimentación Animal](#)", promovido pola Confederación de Sociedades Científicas de España (COSCE), coa colaboración da Asociación Europea para a Investigación Animal (EARA) e lanzado o 20 de Setembro de 2016.

Somos conscientes de que a investigación animal desempeña un papel fundamental na comprensión dos mecanismos biolóxicos que están implicados en enfermidades e no desenvolvemento de tratamentos médicos. Sen o uso de animais, non teriamos a maioría dos medicamentos, antibióticos, vacinas e técnicas cirúrxicas utilizadas en medicina humana e veterinaria.

Unha parte do traballo científico realizado na USC e que contribúe a mellorar a vida das persoas fai uso de animais, por exemplo, en estudos de oncoloxía, cardioloxía, neuroloxía, descubrimento de fármacos, enfermidades metabólicas e enfermidades raras, así como en estudos de sanidade animal.

O benestar dos animais de experimentación é unha cuestión fundamental para a USC, como tamén o é o estrito respecto e cumprimento da lexislación en materia de protección dos animais utilizados para fins experimentais e outros fins científicos, incluíndo o ensino. O noso obxectivo é acadar os máis altos estándares de benestar animal, non só desde o punto da responsabilidade moral para eles, senón tamén porque non se pode acadar ciencia de calidade sen o benestar animal. A nosa experimentación con animais cumpre as normas legais e é revisado por unha comisión de ética que promove o uso de métodos alternativos, a redución no número de animais empregados e o perfeccionamento dos procedementos experimentais. Ningún proxecto de investigación que requira o uso de animais pode comezar sen a revisión ética necesaria e aprobación pola respectiva autoridade competente.

A USC ocupase tamén de garantir que tanto o persoal ao coidado dos animais como os investigadores implicados na experimentación teñen a formación e os coñecementos necesarios, e está comprometida en ofrecer os recursos requiridos para o axeitado mantemento dos animais de experimentación en termos de instalacións, mantemento, benestar e coidados veterinarios.

A USC promove activamente iniciativas de transparencia en experimentación animal a través de intervencións en [medios de comunicación](#) ou da [celebración de debates](#) sobre o tema.